

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e catorce minutos do día dezasete de setembro do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2018.

C.I.F. P-1503100-H De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día doce de setembro de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 12 de setembro de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 30 de agosto de 2018 da Deputación Provincial da Coruña, de exposición pública dos padróns fiscais 2018 dos seguintes impostos: imposto sobre actividades económicas, imposto sobre bens inmobles urbanos, imposto sobre bens inmobles rústicos e imposto sobre bens inmobles de características especiais. BOP núm. 177 do 17-09-2018.
- Anuncio do 11 de setembro de 2018, do Concello de Culleredo, de exposición pública da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico de 2017. BOP núm. 177 do 17-09-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 21 DE SETEMBRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Dínamo Teatro: *Eu quíriame casare*.

Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

Sacouse a información pública sobre os diversos clubs de lectura e tertulias das Bibliotecas Municipais:

- Club das mañás (O Burgo): Martes cada 15 días, de 11.00 a 12.00 h. Comeza o 9 de outubro.
- Club das tardes (Vilaboa): Xoves cada 15 días. De 17.00 a 18.00 h. Comeza o 11 de outubro.
- Tertulia literaria (Vilaboa): 1º martes de mes. De 19.30 a 21.00 h. Comeza o 9 de outubro.
- Club de novela histórica (O Burgo): 3º martes de mes. De 19.00 a 20.30 h. Comeza o 16 de outubro.
- Club de maiores (O Burgo): 1º luns de mes. De 17.00 a 18.30 h. Comeza o 8 de outubro.
- Club de literatura galega (O Burgo): Luns cada quince días. De 19.00 a 20.30 h. Comeza o 8 de outubro.
- Tertulia de Arte (O Burgo): Xoves, de 19.30 a 21.00 h. Comeza o 18 de outubro.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H